RESUMO


CONTEXTO
A NIVEL MUNDIAL
ESPAÑA
1914-1918
I GUERRA MUNDIAL
1917
REVOLUCIÓN RUSA
1920
"OS TOLOS ANOS 2O"
1945
FIN DA II GUERRA MUNDIAL
1968
"MAIO DO 68"
1989
CAÍDA DO MURO DE BERLÍN
1991
DISÓLVESE A URSS
2001
ATENTADO DAS TORRES XEMELGAS
1902- 1931
MONARQUÍA DE ALFONSO XIII
1923
DITADURA DE PRIMO DE RIVERA
1931 - 1939
GUERRA CIVIL
1939 - 1975
DITADURA
1975
MORTE DE FRANCO
1978
DEMOCRACIA CONSTITUCIÓN
1986
ESPAÑA ENTRA NA EU

GALICIA

1900-1936. A PREGUERRA

A comezos do século XX Galicia vive un **período de transformacións económicas e sociais**. E danse unha serie de **movementos socio-culturais** fundamentais para entender a nosa literatura.

- Os movementos de **reivindicación agrarista** (**O AGRARISMO**) liderados por Basilio Álvarez pretenden conseguir melloras nas condicións de vida e de traballo do campesiñado.
- Xorde o **NACIONALISMO** da man das **Irmandades da Fala** (1916) e co apoio do **Grupo Nós** (Otero Pedrayo, Vicente Risco, Castelao e Cuevillas) baseado nas orixes celtas ou atlánticas de Galicia, no campesiñado como base social que sostén as tradicións, os costumes; e no sentimento da terra do home galego. Crean a revista *A Nosa Terra*, e a revista *Nós* así como as editoriais Céltiga, Lar e a editorial Nós.
- As Irmandades supuxeron a primeira tentativa de «normativización» e de «normalización» cultural e lingüística en Galicia dada a súa preocupación por crear un estándar lingüístico culto e estender o galego a todos os ámbitos sociais. A Ditadura de Primo de Rivera (1923 – 1930) dificultou as súas actuacións.
- Fúndase o **Seminario de Estudos Galegos** (SEG) en 1923.
- O **Partido Galeguista,** 1931, fundado polo Grupo Nós levará adiante o Estatuto de Autonomía (1936).

1936 – 1950. A POSGUERRA

- A **Guerra Civil** acaba con todos os proxectos culturais levados a cabo na época anterior (Estatuto de Autonomía, SEG, a Editorial Nós, a Revista *Nós*...). A posterior **Ditadura de Franco** (1939 -1975) reprime calquera movemento cultural galego. Os galeguistas e/ou republicanos son represaliados: os asasinatos, as torturas e a cadea silencian a moitos escritores que deixan de escribir en galego (Vicente Risco) ou mudan a temática (é o caso de Ramón Cabanillas que escribirá poesía mística). A censura literaria motivará a publicación de obras censuradas e/ou mutiladas no exilio, editadas polos galeguistas que chegaron a América fuxindo da realidade política e cultural que se vivía na Galicia do interior.
- Londres, México, Venezuela e principalmente Bos Aires foron as cidades para a continuidade da cultura e da lingua galega. Revistas, editoriais, programas radiofónicos e diversas asociacións reivindican a nosa cultura.
- Durante estes anos de represion hai unha data esperanzadora 1950, onde grazas a unha certa apertura do réxime franquista, permitirá a fundación da **Editorial Galaxia.**

CONTEXTO POLÍTICO-SOCIAL NOS ANOS 1950 A 1975.

- Consolidación da política de bloques.
- Despegue económico no mundo capitalista e agudización dos conflitos colonialistas e imperialistas (Indochina, África...)
- Crise do pensamento tradicional que se traduce en novas formulacións políticas: maio do 68, movementos de liberación social: feminismo, ecoloxismo, pacifismo, "hippismo", cultura *underground...*
- Necesidade de apertura do réxime franquista por presións internacionais, crise dos anos 50, boom económico dos anos 60, aparición nestes anos de forzas políticas clandestinas, organizacións sindicais, grupos armados...

En Galicia:

- Apertura da emigración a Europa.
- Consolidación da dependencia económica de carácter colonial.
- Penetración no agro de formas típicas do capitalismo monopolista (repoboación forestal desaxeitada, política de encoros, cooperativismo autoritario...)
- Aumento das aglomeracións urbanas e despoboamento progresivo do campo.
- Extensión da alfabetización, en español, e acceso á universidade de sectores reducidos das clases medias e mesmo labregas.

Polo que respecta ao nacionalismo:

- Anos cincuenta e sesenta: predominio da orientación culturalista de Ramón Piñeiro e do grupo **Galaxia**.
- Ata mediados dos 70, reaparición dun nacionalismo político organizado que retoma os fundamentos teóricos de Castelao e ten unha orientación marxista (UPG, PSG, CFPG...). formulación do problema lingüístico en termos políticos e aparición dun importante asociacionismo cultural.

Na literatura:

- Lenta recuperación da produción editorial: Galaxia, Benito Soto, Bibliófilos gallegos, Monterrei, Xistral, O Castro, Akal, Castrelos ...
- Imortancia dos suplementos culturais da prensa e novas revistas: *La Noche, Grial...*
- Retorno á creación literaria de sectores que a abandonaran despois da Guerra: Otero, Cunqueiro, Blanco Amor...
- Diversificación da produción escrita (ensaio político, económico ...) e aparición de subxéneros como o planfleto.
- Integración de correntes literarias renovadoras: existencialismo, absurdo, *nouveau roman* francés ...
- Progresivo compromiso social que chega a facerse predominante e, ás veces, exclusivista (fins dos 60 e inicios dos 70)
- Valorización do teatro como vehículo de transformación social (Mostras de Ribadavia)
- Introdución da lingua e a literatura como materia de estudo universitario e o seu uso como lingua vehicular en sectores reducidos do ensino.
- Mantense a produción literario-cultural no exilio fronte á diminución da actividade política dos centros galegos, que se encamiñan cara a un progresivo folclorismo.

1975 A HOXE

A liberdade ideolóxica que supuxo o comezo do período democrático trouxo consigo o recoñecemento da cultura galega, e manifestouse nos seguintes aspectos:

- 1981 aprobación do noso actual Estatuto de Autonomía. E primeiro goberno galego, presidido por Xerardo Fernández Albor (Alianza Popular).
- 1983 Lei de Normalización Lingüística.
- 1984 créase o Centro Dramático Galego.
- 1985 comeza as súas emisións a TVG.
- 1993 Aparecen os primeiros servidores galegos en internet.
- 1994 Sae á luz *O correo Galego*, primeiro xornal diario integramente en galego.
- Incorporación da lingua galega ao ensino.
- Crecente presenza de asociacións que defenden a escrita e o escritor (PEN club ou AELG).
- Crecemento económico na década dos 80 que fixo incrementar as editoriais e os premios literarios (Premio González Garcés de poesía, Premio Xerais de Narrativa, Premios María Casares de teatro e Premio Ramón Piñeiro de ensaio) que estimulan a escrita en galego e contribúen á normalización da literatura.

RESUMO DO DOCUMENTO DESCARGABLE 2 DA UNIDADE 2

1. ANTES DAS IRMANDADES DA FALA

— Continuadores da estética decimonónica.
— Autores: Miguel García Barros.

2. AS IRMANDADES DA FALA (1916)

Gran desenvolvemento do panorama cultural galego, onde o xénero prosístico experimentou uns avances notables e así o demostra:

— A aparición, por primeira vez nas nosas letras, da prosa de non ficción «**o ensaio**», un privilexiado medio de difusión da ideoloxía nacionalista.

— O desenvolvemento da **prensa** en galego. Entre os periódicos máis representativos cómpre destacar o ideario das Irmandades *A Nosa Terra* (1916-1936), que tivo como primeiro director a Antón Villar Ponte e como colaboradores a Xoán Vicente Viqueira, Vicente Risco, Castelao…

— A difusión de varias **coleccións de narrativa**, por exemplo: *Terra Nosa, Céltiga, Alborada, Libredón, Lar…* que serviron de soporte para moitas creacións dos novelistas do momento.

Estes avances serviron para orientar aos escritores tanto no relativo aos aspectos temáticos como aos técnicos, lingüísticos e ortográficos.

2.1. LIÑAS TEMÁTICAS

— O humor e o macabrismo.
— O neoceltismo.
— Narrativa etnográfica.
— Estética etnográfica.
— Tendencia simbolista.

3. A XERACIÓN NÓS.

NÓS	**Revista**	Editada en Ourense, Pontevedra, A Coruña e Santiago (1920 -1936).
	Grupo	Cenáculo ourensán: Risco, Otero, López Cuevillas.
	Xeración	Escritores en galego nados entre 1880 e 1890.
	Época	Período da historia da literatura galega que vai desde 1920 -1936.

3.1. Trazos comúns e definidores da Xeración Nós.

— Extracción social acomodada (agás Castelao), ampla formación intelectual, espírito innovador e proxección universal.
— Ideoloxía afín ao tradicionalismo fidalgo.
— Rigorosa formación intelectual inicialmente desvinculada da tradición galega.
— Elitistas e individualistas.

— Interesados pola literatura europea, de aí que incorporan a súa prosa temas univesais, lendarios e exóticos, da mitoloxía celta, temas esotéricos, de ambiente urbano e de fasquía social.
— Modernizaron a prosa galega desde estilos moi singularizados.

3.2. Antecedentes: Cenáculo Ourensán.

3.3. Integrantes do Grupo Nós: V. Risco, R. Otero Pedrayo, F. López Cuevillas, Castelao, Losada Diéguez…

3.4. Renovación cultural da prosa.

— Diversíficase a temática da novela realista, urbana, novela histórica, novela psicolóxica.
— Incorpóranse técnicas narrativas dos autores máis destacadados da narrativa europea (Virginia Wolf ou Jaimes Joyce): introspección e monólogo interior, ruptura da secuencia temporal.
— Consolídase o conto literario caracterizado pola busca da brevidade e a síntese.
— Diversíficase a temática dos contos na busca da orixinalidade.
— Uso exclusivo da lingua galega ata a Guerra Civil e renovación da linguaxe (cultismos, lusismos, etc).

3.5. Autores, obras e características principais da súa prosa:

V. Risco (1884- 1963)	**Características**	- Abandono do ruralismo. - Recurso a temas esotéricos. - Intencionalidade didáctica. - Referencias a mitos celtas ou aos mitos das idades que dotan a súa obra dun certo intelectualismo. - Uso dun humor de crítica e parodia social.
	Obras	*Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros (1919).* *O lobo da xente (1925).* *A velliña vella (1924)* *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán (1925).* *A coutada (1926).* *Os europeos en Abrantes (1927).* *O porco de pé (1928)*
Otero Pedrayo (1888-1976)	**Características**	- O recurso ao cristianismo e á tradición como elementos básicos do seu pensamento. - Rexeitamento do materialismo, da modernidade, do capitalismo, e por todo o que en xeral atentaba contra o mundo tradicional galego. - Recreación do mundo rural de labregos e fidalgos, recreando a sociedade do século XIX. - Concepción da novela como un ensaio novelado. - A paisaxe convértese en protagonista da súas obras. - Estilo de corte épico e barroco propio das súas novelas.
	Obras	*Contos do camiño e da rúa (1923)* *Pantelas, home libre (1925)* *O purgatorio de D. Ramiro (1926)* *Os camiños da vida (1928)* *O mesón dos ermos (1936)* *Entre a vendima e a castañeira (1957)*

		O señorito da Reboraina (1960) *Escrito na néboa (1927)* *Vidas non paralelas (1930)* *Arredor se si (1930)* *A romería de Xelmirez (1934)* *Devalar (1935)* *Fra vernero (1934)*
Castelao (1886-1950)	**Características**	- Non parte dun corpus ideolóxico para proxectalo na súa obra narrativa (só o fai en ensaios e conferencias). - Non comparte a visión elitista da cultura dos outros da Xeración Nós. - A súa narrativa non ten afan doutrinal. - El quere dar testemuño da realidade do seu presente mostrando as formas de vivir das clases populares que son os seus protagonistas. - É, a súa unha prosa substantiva, cun ritmo que en moitos casos recorda a poesía. - Co humor pretende mostrar os defectos da sociedade galega. - Emprega un discurso socrático que pon de manifesto as virtudes e os defectos e a cativeza de miras de que adolece a sociedade galega. - O receptor da súa obra é un lector activo. - O lirismo maniféstase mediante o encadeamento de feitos para crear un clímax de emoción que se manifesta nos desenlaces coidados. - O tema principal que vertebra a súa obra é a morte. - Creou un xénero novo: “A cousa”. Onde temos imaxe máis texto.
	Obras	*Un ollo de vidro (1922)* *Cousas (1926 - 1929)* *Retrincos (1934)* *Os dous de sempre (1934)*

4. A XERACIÓN DO 25.

As vangardas teñen na prosa como máximo representante a **Rafael Dieste (1889 – 1981)**

4.1. Características xerais da súa obra:

— A importancia concedida a técnica do conto:
  - A unidade de efecto.
  - A esencialidade do remate.
— A preferencia polos temas que teñan misterio.
— A orixe popular das historias contadas.

4.2. Obra: *Dos arquivos do trasno (1926)*

5. A PROSA DO EXILIO.

5.1. Características xerais:

As novelas do exilio e de temática centrada na guerra do 36 caracterízanse por:

— Denunciar as inxustizas sociais.
— A loita pola supervicencia.
— A permanente insatisfación existencial.
— O ton político crecente, a loita galeguista.

En canto ás técnicas narrativas e estilos, en termos xerais temos:

— Narracións sentimentais e nostálxicas como as de Silvio Santiago ou Alonso Ríos.
— Preferencia pola modalidade autobiográfica como é o caso de Ramón Valenzuela.

5.2. Autores e obras máis representativas.

— **Ramón Valenzuela Otero:** *Non agardei por ninguén (1957), Era tempo de apandar (1980),*
— **Silvio Santiago:** *Villardevós (1961), O silencio Redimido* (1976).
— **Antón Alonso Ríos:** *Da saudade. Amore, arte e misticismo* (1956),*O siñor Afranio, ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979).
— **Antonio Fernández Pérez:** *Terra coutada (1990).*

6. A PROSA DE POSGUERRA.

6.1. Principais liñas temáticas.

Liñas narrativas e núcleos temáticos	Características	Autores e obras
A guerra e a represión franquista.	É a prosa do exilio, xa vista que reflicte a través de crónicas realistas a temática da guerra civil e da inmediata posguerra	Silvio Santiago, *O silencio redimido.* Ramón Valenzuela, *Non agardei por ninguén.*
Continuadores da Xeración Nós	Diversificación dos temas (históricos, realistas, tradicionais) e das técnicas (rupturas temporais, monólogo interior).	R. Carballo Calero, A xente da Barreira. R. Otero Pedrayo, Entre a vendima e a castañeira.
Realismo popular	Reprodución literaria e culta do conto popular sen se afastar das características propias do relato oral.	Ánxel Fole, *Á lus do candil e Terra Brava.* A. Cunqueiro, *Escola de menciñeiros, Os outros feirantes.*
Realismo fantástico	Recreación de mundos míticos e fantásticos de orixe árabe, nórdica, mesturados coa imaxinación colectiva do mundo popular.	A. Cunqueiro, *Se o vello Simbad vólvese ás illas, Merlín e familia…*
Realismo social	Centrado na vida das clases populares e no espazo urbano. Uso de novos recursos narrativos (o interrogatorio, o persectivismo…)	E. Blanco Amor: *A esmorga, Xente ao lonxe..*

6.2. Autores, obras e características principais.

Realismo popular	**Ánxel Fole (1903 – 1986)**	**Características**	- Preferenza pola paisaxe rural, galicia máxica e misteriosa. - Reflicte a realidade dos habitantes das aldeas da montaña luguesa (Quiroga, O Incio, O Courel). - Técnica narrativa semellante á dos contos orais populares. Un conto leva a outro (técnica en espiral). - Misterio, experiencias paranormais (premonicións, alucinacións, …), humorismo. - Lingua recollida da fala popular e prosa áxil e enxebre.
		Obra	*Á lus do candil. Contos a carón do lume. (1953)* *Terra Brava. Contos da Solaina (1955)* *Contos da néboa (1973)* *Historias que ninguén cre (1981)*
Realismo fantástico	**Álvaro Cunqueiro (1911- 1981)**	**Características**	- Fantasía, humor, poeticidade. - Mestura do culturalista co popular. - Combina realidade cotiá e a fantástica. - Recreación de mitos (Merlín, Simbad…) - Fino sentido do humor. Ironía. - Predominio da oralidade no estilo. - Técnica das caixas chinesas: cando abrimos unha historia, imos encontrar dentro outra. - Confluencia de múltiples narradores que se converten en personaxes e viceversa.
		Obra	*Merlín e familia (1955)* *As crónicas do Sochantre (1956)* *Se o vello Simbad volvese ás illas (1961)* *Escola de menciñeiros (1960)* *Xente de aquí e de acolá (1971)* *Os outros feirantes (1979)*
Realismo Social	**Eduardo Blanco Amor (1897 – 1979)**	**Características**	- Escritura realista e uso da primeira persoa, e da técnica telefónica. - As accións desenvólvense en Auria (que vén sendo Ourense) nas dúas primeiras décadas do século XX. - Os temas máis habituais son o mundo da infancia e da adolescencia, violencia e marxinación, relacións familiares, educación nas escolas, soidade, política…
		Obra	*Os nonnatos* *A escadeira de Xacob (1933)* *A esmorga (1955)* *Os biosbardos (1962)* *Xente ao lonxe (1972)*